

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 21 DE MARZO DO 2024.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p>Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten:</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Vinte e un de Marzo do Dous mil vinte e catro, reúnenos os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 14/03/2024

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202403/262

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/03/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERXERÍA, PORTERÍA, CONTROL E SUPERVISIÓN DO PARKING MUNICIPAL "PRAZA DO CENTENARIO"

3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202403/338

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 20/03/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA AUTOPROPULSADA HIDROSTÁTICA POLIVALENTE PARA O MANTEMENTO DE VÍAS DO CONCELLO DE RIBEIRA"



4.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – Fernando Cazador Doceo

Visto o escrito presentado por **Fernando Cazador Doceo**, de data 19/03/2024 (Registro de entrada nº 6.870), no que solicita autorización para a instalación de dúas atraccións de feira, os días 22 ao 31/03/2024, na Praza de España (Ribeira), co motivo da celebración da Semana Santa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Denegar** a solicitude presentada por Fernando Cazador Doceo para a instalación de dúas atraccións de feira, os días 22 ao 31/03/2024, na Praza de España (Ribeira), por os motivos que a continuación se relacionan:
 - Non ter pagado as taxas municipais correspondentes
 - Non describir as atraccións de feira que se pretenden instalar
 - Non informar dos m2 de ocupación das referidas atraccións de feira
 - Non presentar a documentación obrigada para a concesión da licenza (seguro de responsabilidade civil, ...)
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

5.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

3911 16.02.2024 HORACIO RIVEIRA, S.L., trasdosado pladur, instalación pavimento, pintura e cambio de luminarias, na rúa de Galicia, 101, Ribeira.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

24684 23.10.2023 SOCIEDAD GESTIÓN ACTIVOS REESTRUCTURACIÓN BANCARIA S.A., adecuación de vivendas e urbanización. Obras en interior, cambio de portas, alicatados, reparación de humedades, reforma de ascensor, reforma de instalación eléctrica e de saneamento, na rúa Vionta, Aguiño.

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:



6590 15.03.2024 COMUNIDAD DE PROPIETARIOS RÚA MARIÑO DE RIVERA, 10, rehabilitación de cuberta, na rúa Mariño de Rivera, nº 10, Ribeira.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

2055 25.01.2024 ANTONIO SIEIRA VIDAL, restaurar muro en Queimadoiros, Artes.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

27529 28.11.2023 MARIA ANTONIA RAMOS PÉREZ, delimitación de parcela que linda con servicio de paso, no lugar de Cruxeiras, Ribeira. ANTONIA RAMOS PÉREZ, delimitación de parcela que linda con servicio de paso, no lugar de Cruxeiras, Ribeira.

10.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Josefa Piñeiro Paz

Visto o escrito presentado por **Josefa Piñeiro Paz**, de data 07/03/2024 (Registro de entrada nº 5.858), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A022020100000KF.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 14/03/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400005858 do día 7 de marzo de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL



4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A02202010000KF, no seu planos 5.16. de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Aguiño), a escala E:1/2000, en dúas porcións de terreos con diferente clasificación urbanística, estando a primeira zona situada mais cara o noroeste clasificada coma solo rústico común, e a restante parcela como solo urbano, Ordenanza 6.3.A, Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM.

O artigo 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, exime de outorgamento de licenza de segregación cando a división da parcela sexa consecuencia do outorgamento polo planeamento urbanístico de distinta clasificación da parcela de orixe, nos seguintes termos:

“6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

[...] c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.”

Tendo todo isto en consideración, aos efectos do cumprimento das condicións urbanísticas, deberá tratarse a parcela coma dúas parcelas independentes, e polo tanto, a segregación realizarase sobre a porción de parcela clasificada coma solo urbano.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza 6.3.A. Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM:**

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, e segundo a DT1ª.2.a. da *Lei 2/2016, do solo de Galicia*, en adiante LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificados dos núcleos urbanos en contacto cas direccións de estrada e rúas definidas nos Planos de Ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2. Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: Só se admitirán ademais do uso característico as terciarias que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e do sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.



1.3 Tipoloxías edificatorias

A tipoloxía edificatoria é a de vivenda unifamiliar illada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se inclúe na edificación deberá estar suxeito á normativa sectorial que lle afecte. O uso residencial queda regulado globalmente polas condicións de habitabilidade do Decreto 311/1992.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 500 m².

Fronte mínima: 12 metros.

Condicións de forma: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima da parcela: 30%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros: 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.

2.3. Condicións de volume

Edificabilidade máxima: 0,8 m²/m²

Computando a estes efectos a planta semisoto a partir dunha altura sobre rasante de 1 metro.

Altura da edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 m. Admítese a planta soto.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coroación: 4,0 m. desde el último forxado.

Os porches abertos computarán a efectos de edificabilidade a metade da súa superficie sempre que teñan unha profundidade maior que 1 metro.

As terrazas computarán sempre a metade da súa superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Peche de parcelas: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 m. podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m², só se autorizaran se existe a edificación principal.

Corpos voados pechados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,9 m. debendo ser vidradas nun 50% da súa superficie.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saliente de cornisas e aleiros será de 0,4 metros.



Balcóns e terrazas: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcón e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubertas: As cubertas se resolverán prioritariamente a dúas augas utilizando en cualquier caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos del aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbese os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recomendase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

- Condicións en Solo Rústico:

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

A Lei do solo, no seu apartado 35 "Usos e actividades en solo rústico", indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.
- Muros de contención, así como valado de predios.
- Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
- Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.



- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
- q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
- r) Outros usos análogos que se determinen regramentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
- c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:
 - a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.
 - b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
 - c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.



- d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
 - e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
- d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
- a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).
 - b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e desfrute do dominio público marítimo-terrestre.
 - c. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
 - d. Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.
 - e. Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
 - f. As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arbolado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

5. CONDICIÓN DE EDIFICABILIDADE

A liña límite de clasificación do solo, encóntrase situada no entorno dos 20 metros desde a fronte da parcela cara a via pública. De cualquier xeito, para definila correctamente, será preciso que aporte levantamento topográfico xeoreferenciado en formato dixital, para poder definila sobre o mesmo con exactitude, tendo isto en consideración, e segundo medición realizada sobre a información catastral, que deberá ser confirmada mediante un levantamento topográfico xeoreferenciado, a superficie de parcela clasificada coma solo urbano está no entorno dos 300 m2, que é inferior á mínima esixida para poder edificar nesta clasificación e calificación de solo.

Segundo información catastral obtida, a parcela conta cunha superficie total de 445 m2, que continúa a ser inferior aos 500 m2 esixidos pola normativa urbanística.

6. AFECCIÓN SECTORIAIS

A parcela non conta con afeccións sectoriais.

7. CONCLUSIÓN

Por todo o exposto a parcela non é edificable, por non cumprir cas condicións esixibles pola normativa urbanística vixente.

E se encontra en solo urbano consolidado, contando cas dotacións e servizos requiridos pola Lexislación urbanística.



FIRMANTE - FECHA



11.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Axencia Tributaria

Visto o escrito presentado por **Axencia Tributaria-Delegación de Pontevedra**, de data 28/02/2024 (Registro de entrada nº 4.914), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 3648214NH0134N0001EI.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 06/03/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira o día 5 de marzo de 2023.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 3648214NH0134N0001EI no seu plano 3.1. de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Palmeira), a escala E:1/2000 como solo urbano, Ordenanza 5, Residencial media colectiva aliñada, artigo 154 do PXOM.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza 5. Residencial media colectiva aliñada, artigo 154 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as zonas de solo urbano que presentan un desenvolvemento de carácter lineal apoiadas na rede viaria e que son utilizadas con fins residenciais colectivos. Perséguese completar a edificación existente ca tipoloxía mais usual neste tipo de implantacións, edificacións entre medianeiras tendendo a crear un ambiente mais urbano.

Trátase dunha vivenda colectiva ca planta baixa destinada fundamentalmente á implantación de usos terciarios estando as restantes destinadas a vivenda.

1.1- Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta



1.2.- Usos globais

Uso global: Residencial no nivel medio

Uso característico pormenorizado: vivenda colectiva

Usos admisibles: Só se admitirán ademais do uso característico as oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais. Tamén será admisible o uso dotacional na medida que poda equipar ao barrio dun servizo definitivo.

1.3. Tipoloxías edificatorias

A tipoloxía edificatoria para esta zona é a de vivenda colectiva acaroada - aliñada.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 100 m²

Fronte mínimo: 6 m

Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas permitirase a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m., e que se cumpran o resto das condicións.

2.2. Condicións de ocupación

Posición: A liña de edificación exterior coincidirá cas aliñacións definidas nos planos de ordenación, terá en xeral carácter obrigatorio.

Nos casos nos que os planos non estean definidos con precisión se conservarán as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poda derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e poderá recuarse da aliñación ata un máximo de 8 metros, podéndose acaroar con un dos colindantes previo acordo por escrito das partes e obrigándose a acaroar no caso de existir unha edificación con medianeira existente sobre dicha parcela; no caso de existir dúas medianeiras sobre unha mesma parcela, non se obrigará a ter unha fronte mínimo de 8 metros, nin as demais condicións de edificación.

A edificación situarase na parcela entre medianeiras acaroada á parcela contigua.

Fondos edificables: O fondo máximo edificable se establece en 18 metros.

Parcela edificable: A edificación disporá dun fondo máximo de 20 m. en planta baixa respectando, en todo caso, unha separación do lindeiro posterior de 4 metros.

2.3. Condiciones de volume

Altura de la edificación:

Nº de plantas: BAIXO + DOS, permitíndose a utilización do baixo cuberta, segundo as normas de edificación. Permítese ademais a construción da planta soto.

Altura máxima: 9,6 metros.



Altura coroación: 4 metros sobre a altura máxima permitida.

2.4. Elementos arquitectónicos

Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos engadidos ao corpo principal da construción tales coma galerías ou miradoiros, non podendo pecharse con elementos opacos en mais do 50% da súa superficie.

As dimensións dos voos serán as establecidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir de unha altura de 3,5 metros.

Balcóns: Nos corpos voados non se autorizan a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 60 cm. e cumprirán as mesmas condicións de separación, respectando as medianeiras e as galerías.

Construcións auxiliares: Non se permiten

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saliente de cornisas e aleiros será de 0,4 metros.

Patios: Cumprirán as condicións xerais da edificación.

Outros: Proxectarase un zaguán ou plataforma horizontal de 5 metros de profundidade e 3 metros de largo mínimo no acceso rodado da parcela con obxecto de non interferir bruscamente sobre o tráfico da rúa

5. AFECCIÓN SECTORIAIS

A Parcela non conta con afeccións sectoriais

6. APROBACIÓN DO PXOM DE RIBEIRA

O PXOM de Ribeira foi aprobado definitivamente o 17 de decembro de 2002, e publicado no Boletín Oficial da Provincia o 14 de xaneiro de 2003.

12.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., POLOS DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 4360DTZ OCASIONADOS POLAS LABORES DE ROZA DOS OPERARIOS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 2023 RESP000027.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ**, en nome e representación de **MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A.**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 03 de maio de 2023, operarios municipais atopábanse no lugar de Gándara, parroquia de Oleiros, do termo municipal de Ribeira, facendo labores de roza, cando, de súpeto, unhas pedras saíron despedidas das máquinas que estaban a utilizar na súa labor, batendo contra o vehículo marca Citroen, modelo C4, con placas de matrícula 4360DTZ, propiedade de D. Juan José Dios Vidal, con DNI número 52455661K, asegurado na compañía MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A.



Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 05/07/2023, co número 202300016331, D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, en nome e representación de MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados, consistentes na rotura do cristal frontal, que cuantifica na contía total de 627,53 euros.

Co seu escrito achega a seguinte documentación: factura emitida na data 30/05/2023 por “Carglass, S.L.”; copia do parte de servizo nº 6877 realizado pola Policía local do Concello de Ribeira; e escritura de poder outorgada na data 01/03/2016 pola entidade “Mapfre España, Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A.” a favor, entre outros, de D. José Luis Martínez-olivares Gómez, autorizada polo Notario de A Coruña, D. José Manuel Lois Ponte, co número 434 de protocolo.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Parte de servizo nº 6877 realizado pola Policía local na data do sinistro.
- Informe realizado pola Policía local na data 07/02/2024 na instrución do expediente.
- Informe emitido na data 07/02/2024 polo capataz de xardíns do Concello de Ribeira.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que o reclamante presenta escrito de alegacións, rexistrado de entrada na data 27/02/2024 co número 202400004889, e no que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.



De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **o/a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Así mesmo, **a entidade MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ter asumido o custe de reparación dos danos do vehículo que ten asegurado como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *“El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización.”*

Esta última, actúa representada por D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, que acredita debidamente a súa representación mediante escritura de poder outorgada na data 01/03/2.016 pola entidade *“Mapfre España, Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A.”* a



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241281695
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/03/2024 JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO XERAL EN FUNCIONS - 22/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/03/2024 09:28:02		Fecha: 22/03/2024 Hora: 09:27



favor, entre outros, de D. José Luis Martínez-olivares Gómez, autorizada polo Notario de A Coruña, D. José Manuel Lois Ponte, co número 434 de protocolo.

Por outra banda a **lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo matrícula 4360DTZ. Así se deduce da factura de reparación dos danos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local emite o seguinte informe na data 07/02/2024:** “ (...) La Policía interviniente y tras las pertinentes averiguaciones, informa lo siguiente:
 - *Que los agentes se ratifican en el parte de servicio con número 6877 en donde son informados por parte de la Sala operativa de la incidencia y estando in situ observan los daños en la luna delantera del vehículo, siendo el causante un trabajador del departamento de jardines mientras realizaba funciones adscritas a su puesto de trabajo.*
 - *Que el suceso se produce al estar el servicio de “Jardines” del Concello de Ribeira realizando un trabajo en la zona de Oleiros, cuando una de las piedras que están en el suelo sale despedida contra el cristal delantero del vehículo reseñado.*
 - *Que in situ se identifica al trabajador que produce el siniestro el cual reconoce estar realizando sus funciones cuando una piedra se desplaza por la fuerza que produce una de las máquinas que estaba manipulando.”*
- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 08/04/2024 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos.**

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo matrícula 4360DTZ e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 13/03/2024, e **visto** o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao casto, de data 14/03/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ, en nome e representación de MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 627,53 euros, que se abonará da forma seguinte: o Concello de Ribeira abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita



polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 477,53 euros.

13.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. MANUEL L. SILVA CONSTENLA, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D. MANUEL PARADA GONZÁLEZ E DA ENTIDADE REALE SEGUROS GENERALES S.A., POLOS DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 3613LSJ OCASIONADOS AO BATER CUNHA FOCHA NA CALZADA. EXPEDIENTE 2023 RESP000028.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. Manuel L. Silva Constenla**, en nome e representación de **D. Manuel Parada González e de REALE SEGUROS GENERALES S.A.** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 02 de xaneiro de 2023, D. José Manuel Río Vidal, con DNI número 52939762H, circulaba no vehículo propiedade de D. Manuel Parada González marca BMW, modelo 118D, con placas de matrícula 3613LSJ, pola estrada municipal que conecta San Martiño con Santa Clara de Novas, cando, á altura do p.k. 0,3, bateu cunha focha existente na calzada o que lle ocasionou danos na roda dianteira dereita e nos baixos do vehículo.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 12/07/2023, D. Manuel L. Silva Constenla, en nome e representación da entidade REALE SEGUROS GENERALES S.A. e de D. MANUEL PARADA GONZÁLEZ, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 643,28 euros, mais os xuros que legalmente lle correspondan dende a data do abono das facturas, correspondendo 300 euros ó Sr. Parada González e 343,28 euros á entidade aseguradora.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: permiso de circulación do vehículo; póliza de seguro do automóbil; informe elaborado polo destacamento da Garda Civil de Santiago de Compostela na data do sinistro; fotografías do lugar do accidente; informe pericial dos danos do vehículo; factura de reparación dos danos; e escritura de poder de representación procesual, outorgada por Reale Seguros Generales, S.A. na data 16/05/2.006, ante o Notario de Madrid, D. Ángel Almoguera Gómez, co número 1.608 de protocolo.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe realizado pola Policía local na data 08/02/2024; Parte de Servizo nº 6018 realizado pola Policía Local na data 02/01/2023; e informe emitido na data 01/03/2024 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-



A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de



producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo se acredita no permiso de circulación que achega o reclamante, o Sr. Parada González é titular, á data do sinistro, do vehículo matrícula 3613LSJ**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

Así mesmo, a entidade REALE SEGUROS GENERALES S.A. tamén **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao ter asumido o custe de reparación dos danos do vehículo que ten asegurado como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: “El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización.”**

Actúan representados por D. Manuel L. Silva Constenla, que acredita debidamente a súa representación mediante escritura de apoderamento procesual autorizada na data 16/05/2006 pola Notario de Madrid, D. Ángel Almoguera Gómez co número 1.608 de protocolo.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente, tal e como se informa por parte da enxeñeira municipal en informe emitido na data 01/03/2024: “En relación al expediente de referencia se afirma que la vía del lugar de Gándara, parroquia de Oleiros, en la que tuvo lugar el accidente es de titularidad municipal, por lo que su mantenimiento y conservación corresponde al Ayuntamiento de Ribeira.” A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende da factura de reparación dos danos que o reclamante achega coa súa reclamación, e como consta no informe emitido polo Destacamento da Guardia Civil de Santiago de Compostela na data do accidente, que dispón: *“El vehículo implicado circula por la carretera local sentido Santa Clara de Novas y pasa por encima de un bache el cual se encuentra lleno de agua dañando la rueda delantera derecha y los bajos del vehículo.”*

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Pois ben, no que ao presente suposto se refire, **consta acreditada a relación causal dos danos no vehículo co deficiente funcionamento do servizo público viario**. Así, a estes efectos, **a Policía Local no seu informe emitido na data 08/02/2024** da conta da existencia dunha focho na calzada na que tivo lugar o sinistro: *“(…) La funcionaria de la Policía Local*



239026, tuvo constancia mediante llamada telefónica del Emergencias Galicia 112 de un accidente de circulación ocurrido en la parroquia de Oleiros, término municipal de Ribeira, concretamente en el vial de acceso desde la carretera AC-550 en sentido de circulación al lugar de Santa Clara de Novas, este último perteneciente al término municipal de Porto do Son. Que las diligencias policiales las instruye la Guardia Civil del destacamento de tráfico de Santiago de Compostela. El tramo de la calzada donde posiblemente tuvo lugar el accidente de circulación se encuentra en el término municipal de Ribeira, distante a 350 metros de la intersección con la carretera AC-550 (...). **El socavón en la calzada existía, ubicado en el carril de circulación sentido de circulación (Oleiros-Santa Clara de Novas), tal y como se observa en la imágenes que se adjuntan. Asimismo, dicho socavón se encontraba lleno de agua pluvial, con una profundidad aproximada de 10 cm y de un ancho de 1,20 metros por 2 metros de longitud (...).**

No momento da comparecencia dos funcionarios da Policía local do Concello de Ribeira o vehículo e condutor do mesmo xa non estaban no lugar do sinistro.

É no informe realizado polo Destacamento da Garda Civil de Santiago de Compostela onde se acredita que o vehículo que resultou danado foi o vehículo marca, BMW, modelo 118 D, con placas de matrícula 3613LSJ, dispoñendo así mesmo que: "El vehículo implicado circula por la carretera local sentido Santa Clara de Novas y pasa por encima de un bache el cual se encuentra lleno de agua dañando la rueda delantera derecha y los bajos del vehículo. Causas: vía en mal estado. No existe señal ninguna advirtiendo del peligro."

A enxeñeira municipal no informe emitido na data 01/03/2024, dispón que a pesar de que non tivo coñecemento do accidente que dou lugar á reclamación presentada, e que se descoñece o estado exacto da rúa o día no que se produciu o accidente, pódese afirmar, despois de examinadas as fotografías tomadas pola Policía local: "(...) se aprecia la existencia de un bache con unas dimensiones de cierta consideración, lo que supone un obstáculo para la circulación de los vehículos. Además se encuentra ocupando la parte de pisada de los vehículos, lo que acrecienta el riesgo para la circulación de los mismos, sobre todo en ciertas condiciones como que se encuentre lleno de agua procedente de la lluvia o que sea unas horas en las que ya no tengamos luz natural, ya que puede ser probable que el bache no se divise y se circula por encima."

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca BMW 118D, matrícula 3613 LSJ, propiedade de D. Manuel Parada González.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 18/03/2024, e **visto** o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao casto, de data 19/03/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Manuel L. Silva Constenla, en nome e representación de REALE SEGUROS GENERALES S.A. e de D. MANUEL PARADA GONZÁLEZ, na contía de 643,28 euros, máis os xuros que legalmente lle correspondan, dos que 300 euros corresponden ó Sr. Parada González e os 343,28 euros restantes corresponden á entidade aseguradora do vehículo REALE SEGUROS GENERALES S.A.



O abono da referida contía farase da seguinte forma: o Concello de Ribeira abonará 150 euros ó Sr. Parada González, que é a contía da franquicia existente na póliza subscrita coa entidade Mapfre Seguros de Empresas, mentres que a entidade aseguradora aboará a contía restante, isto é 150 euros a Manuel Parada González e 343,28 euros á entidade REALE SEGUROS GENERALES S.A., máis os xuros que legalmente lle correspondan.

14.- VAO PERMANENTE – Comunidade Prop. Urb. Hosta de Ferrer (2ª Fase)

Visto o escrito presentado por Emilio Picanes Mosquera (**Asesoría Beny García, S.L.**) en representación da **Comunidade Prop. Urb. Hosta de Ferrer (2ª Fase)**, de data 04/03/2024 (Rexistro de entrada nº 5.434), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Lugar de Xunqueiras (Aguíño) - (Edificio Horta de Ferrer Fase II).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 18/03/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, coa abstención da concelleira Genoveva Betanzos Fernández (art. 76 Lei 7/85 RBRL) e co voto favorable do resto dos membros presentes, **acorda:**

- Conceder a Comunidade Prop. Urb. Hosta de Ferrer (2ª Fase)**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,50 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Lugar de Xunqueiras (Aguíño) - (Edificio Horta de Ferrer Fase II), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
 - Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

15.- AUTORIZACIÓN VI BANDEIRA DE BATEIS FEMININA E MASCULINA – CONCELLO DE RIBEIRA

Vista a proposta presentada polo Concelleiro delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 19/03/2024, relativo á autorización para a celebración da VI Bandeira de Bateis Feminina e Masculina – Concello de Ribeira, e na que sinala:

“LOGO DE VER que D. Jesús Silva Vidal, en representación do “Club de Remo Náutico de Ribeira”, presenta escrito de data 21-02-2024, con número de rexistro de entrada municipal 4.272, solicitando:

- A presenza da Agrupación Local de Protección Civil do Concello de Ribeira, para prestar asistencia con medios acuáticos (zodiac), na VI BANDEIRA DE BATEIS FEMININA E MASCULINA – CONCELLO DE RIBEIRA, dende as 10.30 h. ata as 13.00 h. na zona exterior do peirao comercial de Ribeira.*
- A presenza dunha patrulla da Policía Local de Ribeira, para regular o acceso dos remolques, autobuses e demais vehículos dos clubs participantes na súa entrada ao porto comercial (coa colocación de vallas e sinais de prohibido aparcar no acceso ao porto e na rampla de baixada de embarcacións).*



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di: “Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.
3. Consultado o inspector xefe accidental da Policía Local de Ribeira, informa que non atopa impedimento algún á celebración desta proba deportiva.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 18-03-24 favorable á mesma con condicionantes.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a celebración da VI Bandeira de Bateis Feminina e Masculina – Concello de Ribeira ao Club de Remo Náutico de Ribeira, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **24 de marzo de 2024** ao longo de toda a mañá.
- A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- Dar traslado á Policía Local e a Protección Civil dos servizos solicitados para poder levar a cabo a celebración do evento (os extremos da colaboración destes corpos no desenvolvemento da competición, serán acordados en reunión entre os organizadores da proba e os xefes da Policía Local e Protección Civil de Ribeira).
- Ceder sinais e vallas para regular o tránsito e o aparcamento na zona portuaria (a ubicación e cantidade será determinada polo xefe da policía local).
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.

As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).

16.- AUTORIZACIÓN CESIÓN CAMPO DA TASCA AO CLUB SD XUVENTÚ AGUIÑO PARA A CELEBRACIÓN DO “IX TORNEO DE FÚTBOL BASE DE AGUIÑO”

Vista a proposta presentada polo Concelleiro delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 18/03/2024, relativo á cesión do campo de fútbol da Tasa ao SD Xuventú Aguiño para a celebración do “IX Torneo de Fútbol Base de Aguiño”, e no que sinala:

“*LOGO DE VER* que D. José Manuel Vilas Álvarez, en representación do club SD Xuventú Aguiño, presenta escrito de data 09-12-2024, con número de rexistro de entrada municipal 645, solicitando o uso das instalacións do campo de fútbol da Tasca e da aula de música de Aguiño, os días 28 e 29 de marzo de 2024, para a realización do “IX Torneo de Fútbol Base de Aguiño”, actividade na que está previsto que participen 32 equipos de fútbol base de idades comprendidas entre os 6 e os 11 anos. Tamén solicita 15 metros lineais de valla e un posto de Protección Civil durante o desenrolo do evento.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
"Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
2. Nos días mencionados anteriormente, o departamento de deportes non ten actividades programadas nas instalacións do campo municipal da Tasca.
3. O Campo Municipal da Tasca, non ten actividade programada para a data solicitada
4. Preguntado o departamento de cultura pola ocupación da aula de música de Aguiño, informa que está dispoñible para as datas solicitadas."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a cesión Campo Municipal da Tasca e Aula de Música de Aguiño ao Club Xuventú Aguiño, para a celebración do "IX Torneo de Fútbol Base de Aguiño, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais", o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- Esta autorización concédese para **os días 28 e 29 de marzo de 2024 ao longo de toda a xornada.**
- **Ceder 15 metros lineais de valla.**
- **Aportar efectivos de protección civil dispoñibles** (acordaranse os extremos desta colaboración en reunión co xefe desta agrupación).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes de espectadores e participantes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación.
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual da instalación entre outros).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.



17.- EMISIÓN INFORME FAVORABLE PARA A CELEBRACIÓN DO “I TROFEO DE ORIENTACIÓN CONCELLO DE RIBEIRA”, O SÁBADO 1 DE XUÑO DE 2024, E POSTERIOR TRAMITACIÓN DA CORRESPONDENTE AUTORIZACIÓN PARA ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.

Vista a proposta presentada polo Concelleiro delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 18/03/2024, relativa á emisión informe favorable para a celebración do “I Trofeo de Orientación Concello de Ribeira”, o sábado 1 de xuño de 2024, e posterior tramitación da correspondente autorización para espectáculos públicos e actividades recreativas, e no que sinala:

“LOGO DE VER que D. Antonio Manuel Piñeiro Pouso, en representación da entidade “Asociación Deportiva e Cultural Arnela.”, presenta escrito de data 25-02-2024, con número de rexistro de entrada municipal 4.585, argumentando:

A ACD Arnela foi designada pola federación Galega de deportes de orientación como organizadora da 5ª proba da XXXIII Liga Galega de Orientación a Pé e da 1ª proba da V Liga Galega Sprint, que se celebrarán o vindeiro sábado 1 de xuño do 2024, en horario aproximado de 10:30 a 13:30 e de 17:00 a 20:00 horas. Cada unha das probas será ademais Campionato Xunta de Galicia na súa modalidade e o conxunto das dúas probas conformará o “I Trofeo de Orientación Concello de Ribeira”. A zona de competición das probas detallase nos arquivos adxuntos a esta instancia.

Solicitamos con este trámite informe favorable por parte do Concello de Ribeira para a realización das citadas probas. Adxuntamos ademais toda a documentación necesaria para, en caso de ser necesario, poder tramitar por parte do Concello a autorización para Espectáculos Públicos e Actividades recreativas a través do procedemento PR477a a presentar na Xefatura Territorial de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia A.P. e Xustiza.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
- Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.
- Os organizadores xuntan toda a documentación necesaria para a tramitación deste tipo de eventos.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 18-03-24 favorable á mesma.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Informar favorablemente a celebración do “I Trofeo de Orientación Concello de Ribeira”, o sábado 1 de xuño de 2024 ao longo de toda a xornada e que sexa tramitada, por parte do Concello, a autorización para Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas a través do procedemento PR477A a presentar na Xefatura Territorial de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia A.P e Xustiza.



18.- CESIÓN DO POLIDEPORTIVO ALCALDE TORRES COLOMER Á ESCOLA DE BOXEO “EL CANARIO”, PARA A CELEBRACIÓN DA VELADA DE BOXEO CIDADE DE RIBEIRA, O 28 DE MARZO DE 2024

Vista a proposta presentada polo Concelleiro delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 18/03/2024, relativa á cesión do polideportivo Alcalde Torres Colomer á Escola de Boxeo “El Canario”, para a celebración da velada de boxeo Cidade de Ribeira, o 28 de marzo de 2024, e no que sinala:

“LOGO DE VER que D. Israel Benítez Somoza, en representación da escola de boxeo “El Canario”, presenta escrito de data 25/10/2023, con número de rexistro de entrada municipal 24.957, solicitando o uso do polideportivo Alcalde Torres Colomer, o 28 de marzo de 2024 para a realización da “XII Velada de Boxeo Ciudad de Ribeira”. Tamén solicita 10 vallas e 2 mesas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. O pavillón Alcalde Torres Colomer non ten actividade programada para a data solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 18-03-24 favorable á mesma con condicionantes.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a cesión do polideportivo Alcalde Torres Colomer á Escola de Boxeo “El Canario”, para a celebración da “XII Velada de Boxeo Ciudad de Ribeira” cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para o **xoves 28 de marzo de 2024 a partir das 15.00h. e ata que remate o evento (entorno ás 23.00 h.)**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- **Ceder 10 vallas de separación e 2 mesas** para o desenvolvemento do evento.



- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

19.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN FESTAS TRADICIONAIS “OS DOLORES” SIRVES-OLVEIRA

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 18/03/2024, relativa á celebración das Festas Tradicionais “Os Dolores” Sirves – Olveira, e no que expón:

“Expoño:

- *Recíbese petición de José Manuel Martínez Suárez, en nome da Asociación Cultural As Dunas, data de 11/3/2024 (núm. Rexistro entrada 2024 6089), interesando celebrar a **Festa Tradicional “Os Dolores” de Sirves na Parroquia de Olveira, os días 6 e 7 de abril de 2024.***
- *Indica que terá lugar na **explanada do Polideportivo de Sirves** e consistirá nunha verbena nocturna o sábado 6 de abril, e alborada, misa e sesión vermú o domingo 7 de abril de 2024.*
- *Achega recibo de pago da Póliza de Responsabilidade Civil núm. 548352831 de data 09/02/2024.*
- *Manifesta que achega Declaración Responsable.*
- ***Solicita permiso para realizar este evento, reforzo de contenedores e limpeza diaria.***
- ***Convida á Corporación Municipal ao evento.***

En cumprimento da normativa vixente, Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia así como das normas aplicables en material de orden público e Seguridade cidadá, **con anterioridade á data de celebración do evento deberá dispor de:**

- ✓ *Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso.*
- ✓ *Proxecto e a documentación técnica asinado por persoa técnica competente, na que deberá constar os seus aspectos básicos actuación musical, baile, concerto, aforo, horarios das actividades entre outros, ademáis da instalación de carpas ou calquera outros elementos destinados á actividade, así como os escenarios ou estruturas que se pretendan instalar.*
- ✓ *Boletíns eléctricos da instalación segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctricas temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.*
- ✓ *Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos esixibles.*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241281695
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/03/2024 JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO XERAL EN FUNCIONS - 22/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/03/2024 09:28:02		Fecha: 22/03/2024 Hora: 09:27



*Precisará autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artificio que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese orixinar. Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.
Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.*

É do noso interese apoiar a iniciativa do tecido social que

- ✓ *Co seu esforzo e dedicación contribúan a conservar e manter costumes que forman parte da identidade da parroquia.*
- ✓ *Pola súa singularidade e tradición ademáis de reclamos en distintos momentos do ano, crean espazos de socialización.*
- ✓ *Aberto á cidadanía nun espazo público."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- 1. Autorizar a celebración da Festa Tradicional "Os Dolores" en Sirves- Oliveira os días 6 e 7 de abril de 2024:**
 - a. Día 6 de abril cunha verbena nocturna, horario límite de 4.00h
 - b. Día 7 de abril cunha alborada e sesión vermú, horario de tarde.
- 2. Prestar a colaboración municipal no relativo á presenza da Policía Local, servizo de limpeza, reforzo de contedores de lixo.**
- 3. Deberán adoptar todas as medidas de seguridade.**
- 4. Asímesmo, e con anterioridade á celebración dos citados eventos, deberán dispor de:**
 - ✓ Estar en posesión da obrigada póliza de responsabilidade civil e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso.
 - ✓ Proxecto e a documentación técnica asinado por persoa técnica competente, na que deberá constar os seus aspectos básicos actuación musical, baile, concerto, aforo, horarios das actividades entre outros, ademáis da instalación de carpas ou calquera outros elementos destinados á actividade, así como os escenarios ou estruturas que se pretendan instalar.
 - ✓ Boletíns eléctricos da instalación segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctricas temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.
 - ✓ Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos esixibles.
- 5. Precisan autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artificio que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese orixinar.**



Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.

6. **Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España** que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.
- **Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.**

20.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN “FESTA DA XUVENTUDE” EN AGUIÑO

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 18/03/2024, relativa á celebración da “Festa da Xuventude” en Aguiño, e na que expón:

“Expoño:

- *Recíbese peticións presentadas por Raúl Santos Sampedro, en nome da Asociación Cultural O Serriño os Milleros de Aguiño, datas de 26/12/2023, 15 e 17/01/2024 respectivamente (núms. Rexistro entrada 2023 29621; 2024 1093 e 1356), interesando celebrar a **Festa da Xuventude de Aguiño.***
- *A data inicial do evento (6 de abril de 2024) muda polo **13 de abril de 2024.***
- *A ubicación é en zona portuaria de Aguiño. Achega Plano de ubicación.*
- *Manifesta que haberá unha sesión de inchables e xogos para os máis pequenos, continuando cunha sesión de música-baile, aberta e gratuíta, a cargo dunha discomóvil e/ou grupos locais finalizando a madrugada do día seguinte.*
- *Achega Póliza de Responsabilidade Civil núm. : 2059955 en vigor do 5/7/2023 ao 04/7/2024.*

Solicita trámite de ocupación temporal de zona portuaria de Aguiño; Colaboración da Policía Local; Servizo de recollida de basuras; Instalación dun punto de corrente; uso temporal de 15 valados de Seguridade, utilización dos inchables e determinación de horario límite.

En cumprimento da normative vixente, Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia así como das normas aplicables en material de orden público e Seguridade cidadá, **con anterioridade á data de celebración do evento deberá dispor de:**

- ✓ *Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso.*
- ✓ *Deberán adoptar todas as medidas de seguridade, incluído a presenza permanente dunha ambulancia*
- ✓ *Proxecto e a documentación técnica asinado por persoa técnica competente, na que deberá constar os seus aspectos básicos actuación musical, baile, concerto, aforo, horarios das actividades entre outros, ademáis da instalación de carpas ou calquera outros elementos destinados á actividade, así como os escenarios ou estruturas que se pretendan instalar.*
- ✓ *Boletíns eléctricos da instalación segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctricas temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.*
- ✓ *Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos esixibles.*



Precisará autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artificio que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese orixinar. Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.

Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.

En atención aos inchables de propiedade municipal, e previa consulta coa axenda de reservas, infórmase a disposición destes recursos na data 13 de abril de 2024.

Infórmase que con data de 8 de marzo de 2024 foi presentado á Portos de Galicia solicitude conxunta de ocupación de zona portuaria de todas as parroquias nas que terá lugar a celebración de festas, entre as que se inclúe a Festa da Xuventude de Aguiño.

Propoño se determine horario límite de conforidade coa Orden de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e remate dos espectáculos públicos e das actividades recreativas (DOG nº 219 de 30/10/2020).

Prestar colaboración municipal no relativo á presenza da Policía Local, **dotación de valados e servizo de limpeza.**

É do noso interese apoiar a iniciativa do tecido asociativo que

- ✓ *Co seu esforzo e dedicación contribúan a enriquecer a oferta recreativa e musical do municipio, nesta ocasión na parroquia de Aguiño.*
- ✓ *Promoven a participación veciñal, e en especial entre os diferentes sectores de poboación.*
- ✓ *Aberto e gratuito para toda a cidadanía."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- 1. Autorizar a celebración da Festa da Xuventude ó 13 de abril de 2024 na parroquia de Aguiño.**
- 2. Prestar a colaboración municipal no relativo á presenza da Policía Local, dotación de valados, servizo de limpeza e reforzo de contedores de lixo.**
- 3. Prestar o uso temporal de inchables.**
- 4. O horario límite** será establecido de conformidade coa Orden de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e remate dos espectáculos públicos e das actividades recreativas (DOG nº 219 de 30/10/2020).
- 5. Deberán adoptar todas as medidas de seguridade.**
- 6. Asímesmo, e con anterioridade á celebración dos citados eventos, deberán dispor de:**
 - ✓ **Estar en posesión da obrigada póliza de responsabilidade civil e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso.**
 - ✓ **Adoptar todas as medidas de seguridade, incluído a presenza permanente dunha ambulancia.**
 - ✓ **Proxecto e a documentación técnica asinado por persoa técnica competente, na que deberá constar os seus aspectos básicos actuación musical, baile, concerto, aforo, horarios das actividades entre outros, ademais da instalación de carpas ou calquera outros elementos destinados**



á actividade, así como os escenarios ou estruturas que se pretendan instalar.

- ✓ Boletíns eléctricos da instalación segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctricas temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.
- ✓ Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos esixibles.

7. **Precisarán autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artificio que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese orixinar. Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.**
8. **Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.**
9. **Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais aos efectos de repercutir as taxas que procedan de ocupación temporal de zona portuaria.**
10. **Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.**

21.- CONCESION DE PREMIOS AOS GAÑADORES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2024

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Cultura**, Antía Alberte Maneiro, de data 18/03/2024, relativa á concesion de premios aos gañadores do Concurso de Disfraces Entroido 2024, nas categorías adulto: individual, parella/trío e grupo.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Aprobar** a concesión dos tres premios aos gañadores na categoría adulto: **individual**

<u>POSTO</u>	<u>NOME DO DISFRAZ</u>	<u>NOME E APELIDOS</u>	<u>D.N.I</u>	<u>PREMIO</u>
1º	Este premio queda deserto			150 €
2º	RESIDENT ELLIT Z REMAKE	Sergio Lema García	54225123-R	75 €
3º	ULTRAHEROE	Inmaculada Tesón Pérez	53488645-Y	50 €

- b) **Aprobar** a concesión dos tres premios aos gañadores na categoría adulto: **parella/trío**

<u>POSTO</u>	<u>NOME DO DISFRAZ</u>	<u>NOME E APELIDOS</u>	<u>D.N.I</u>	<u>PREMIO</u>
1º	TITANIC	María Cascallar Vidal	52456893-B	250 €



2º	DAMISELAS DE PAPEL	Rosa M. Domínguez García	52455941-W	150 €
3º	BELLA Y BESTIA	Jessica García González	53485097-T	100 €

c) **Aprobar** a concesión dos tres premios aos gañadores na categoría adulto: **grupo**

POSTO	NOME DO DISFRAZ	NOME E APELIDOS	D.N.I	PREMIO
1º	BRUXAS PIRUXAS	Mónica Vila Martínez	53798382-W	500 €
2º	MARSIANITOS SIN GHANCHO	Cristina Pérez Novo	36125799-K	300 €
3º	MONSTER HIGH	Paula Lameiro Luaces	52939319-N	200 €

d) **Aprobar** o inicio do trámite para abonar os correspondentes premios económicos

22.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- C.M.L.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 14/03/2024, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **C.M.L.**, mediante escrito de data 12/03/2024 (Rexistro de entrada nº 6.191).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María Francisca Vidal Regueira, de data 13/03/2024, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a **C.M.L.** unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **2.850,00 €**, en concepto de gastos de centro de rehabilitación psicosocial, servizo de atención diurna no Centro Sociosanitario A Creba, por un período de seis meses.

23.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- A.C.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 18/03/2024, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **A.C.**, mediante escrito de data 18/12/2023 (Rexistro de entrada nº 29.070).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 14/03/2024, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a **A.C.** unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **300,00 €**, en concepto de gastos en concepto de alugueiro (50% das mensualidades de febreiro e marzo).



24.- DACION DE CONTA DA SENTENZA Nº 67/2024

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Sentenza nº 67/2024, de data 23/02/2024, do Xulgado do Social nº 3 de Santiago de Compostela, relativa ao Procedemento Ordinario 31/2023, e na que se estima parcialmente a demanda presentada por Alberto maneiro Liñares fronte ao Concello de Ribeira e, asímesmo, tense por desistido a Adrián Chorén García da demanda presentada.

25.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DO “FESTIVAL MAR ABERTO” – Jarabe Comunicación, S.L.

Vista a solicitude presentada en nome da sociedade **Jarabe Comunicación SL**, data de 04/03/2024 (registro de entrada núm. 2024 5496), interesando realizar o ciclo de concertos denominados “**Festival Mar Aberto**” promovidos pola Axencia Galega de Turismo e enmarcado no programa de actividades do Xacobeo.

Trátase da celebración de varias actuacións musicais, con proxección de video, degustación de bebidas e algún produto gastronómico tendo lugar no entorno do **Faro de Corrubedo os días 26 e 27 de xullo de 2024**.

Xunto á solicitude achega dossier que contén, descrición de:

- Emprazamento e Accesos.
- Instalacións (xenerador, escenario, equipos de son e iluminación, platea, camerinos, sanitarios, barra e neveiras).
- Medios humanos (carga/descarga, camareiros, persoal de limpeza, técnicos de produción).
- Medios técnicos (vallado, extincións de incendios, de comunicación e sinalización).
- Aforo: 226 persoas aprox.
- Seguridade e prevención (seguridade e atención médica).
- Horarios de montaxe, probas, apertura ao público, inicio e fin do espectáculo.

E solicita:

- Permiso para a realización da actividade.
- Zona reservada lanzadeira, para un bus lanzadeira preto ao parking/s disuasorios.
- Corte de tráfico rodado no tramo do Faro, indicado en plano.
- Apoio de Protección Civil (6 membros: 2 para control de zona parking, 2 corte de tráfico e 2 control aglomeracións no entorno do faro).
- Apoio de Policía local (1 patrulla para control de aglomeracións no entorno do faro).

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 18/03/2024, e á vista da documentación que aporta e sen prexuízo daquelas autorizacións que puideran corresponder doutras administración públicas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

-Autorizar á realización de “Festival Mar Aberto” promovido pola Axencia Galega de Turismo os día 26 e 27 de xullo de 2024 no Faro de Corrubedo e solicitado por Jarabe Comunicación.



-Colaborar na realización deste evento co apoio da Policía Local e Protección Civil de Ribeira.

-Dar traslado traslado deste acordo ao Corpo da Policía Local e Protección Civil para o seu coñecemento.

26.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN EVENTO MOTEIRO – Motoclub Reventapistóns

Visto o escrito presentado por Iván Oliveira Abelleira en representación de **Motoclub Reventapistóns**, de data 13/03/2023 (Registro de entrada nº 6.403), no que solicita autorización para:

- A celebración dun evento moteiro da Asociación Motoclub “Reventapistóns”, o vindeiro 13/04/2023.
- Autorización para poder acceder á Praza de España como punto de reunión do evento, necesitando ese espazo desde as 15:00 h. ata as 18:00 h.
- Autorización para ocupar os dous carrís do Malecón, desde o Bar Bulebar ata Capitanía Marítima, así como os seus estacionamentos correspondentes das dúas mans desde as 16:30 h. ata as 22:00 h.
- Colaboración municipal con 5 containers para instalar na zona do Malecón, así como 170 m. de valados ou aquelas das que se poidan dispoñer.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dun evento moteiro da Asociación Motoclub “Reventapistóns”, o vindeiro 13/04/2023.
- Autorizar o acceso á Praza de España, como punto de reunión do evento, desde as 15:00 h. ata as 18:00 h.
- Autorizar a ocupación dos dous carrís do Malecón, desde o Bar Bulebar ata Capitanía Marítima, así como os seus estacionamentos correspondentes das dúas mans desde as 16:30 h. ata as 22:00 h.
- Autorizar a colaboración municipal con 5 containers para instalar na zona do Malecón, así como 170 m. de valados (ou os que teña en disposición para esesa data o Concello de Ribeira).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

27.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Sonia María Vidal Queiruga (ENIGMA)

VISTO o escrito presentado por **Sonia María Vidal Queiruga**, en representación do establecemento “Café Bar Enigma”, de data 19/03/2024 (Registro de entrada nº 6.868), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar Enigma” (Ribeira), o día 23/03/2024, en horario de 21:00h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Sonia María Vidal Queiruga**, para evento musical no establecemento



hostaleiro “Café Bar Enigma” (Ribeira), o día 23/03/2024, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Café Bar Enigma” (Ribeira) (**Sonia María Vidal Queiruga**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de



inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



**28.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA –
Manuela Pérez Pouso (PEDRA PATEIRA)**

VISTO o escrito presentado por **Manuela Pérez Pouso**, en representación do establecemento “Pedra Pateira”, de data 19/03/2024 (Rexistro de entrada nº 6.902), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 19/04/2024, en horario de 20:00h. a 01:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- DENEGAR a Manuela Pérez Pouso a solicitude de autorización para evento musical no establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 19/04/2024, debido ás reiteradas denuncias da Policía Local e veciñais non atendidas pola solicitante referidas ao horario de peche

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

29.- DACIÓN DE CONTA DE CELEBRACIÓN DE CONCENTRACIÓN POPULAR SOLIDARIA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito remitido pola Subdelegación do Goberno, de data 21/03/2024, relativo á solicitude de autorización presentada por Sara Moure Prado, en representación da Asociación Mulleres en Acción, para realización dunha “concentración polo asasinato machista de Andrea Yturri Alave”, o xoves 21/03/2024, de 20:30 h. a 21:00 h., no Adro de Palmeira (Ribeira).

30.- AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN MONOLITOS INFORMATIVOS - Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade

Visto o escrito presentado por María Esther Vidal Rodríguez en representación da **Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade**, de data 18/03/2024 (Rexistro de entrada nº 6.718), no que solicita autorización para a colocación na Rúa de Galicia (Ribeira) de tres monolitos informativos sobre o autismo e a asociación, os días 1 ao 8/04/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar á **Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade** a colocación na Rúa de Galicia (Ribeira) de tres monolitos informativos sobre o autismo e a asociación, os días 1 ao 8/04/2024.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

